Orde do 21 de xullo de 2005 pola que se fai pública a lista dos aspirantes seleccionados no proceso selectivo convocado pola do 7 de febreiro de 2005 (Diario Oficial de Galicia do 14 de febreiro), para ingreso no corpo de mestres en expectativa de ingreso na Comunidade Autónoma de Galicia, así como a adquisición de novas especialidades (DOG, 29/07/05).

Orde do 26 de xullo de 2005 pola que se nomean funcionarios en prácticas do corpo de mestres os opositores seleccionados no procedemento selectivo convocado pola Orde do 7 de febreiro de 2005 (Diario Oficial de Galicia do 14 de febreiro), para ocupar vacantes dotadas orzamentariamente (DOG, 02/08/05).

Orde ECI/2587/2005, do 26 de xullo, pola que a proposta da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia se nomean funcionarios de carreira do corpo de Mestres (BOE, 09/08/05).

Orde ECI/2588/2005, do 26 de xullo, pola que a proposta da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, se nomean funcionarios de carreira dos corpos de profesores de ensinanza secundaria, profesores técnicos de formación profesional, profesores de escolas oficiais de Idiomas e profesores de música e artes escénicas (BOE, 09/08/05).

14.3. Acceso ao corpo de profesores de ensino secundario

Resolución do 7 de xullo de 2005, da Dirección Xeral de Persoal, pola que se anuncia a publicación das puntuacións provisionais da fase de concurso dos procedementos selectivos de ingreso e acceso ao corpo de profesores de ensino secundario, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de música e artes escénicas e profesores técnicos de formación profesional na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG, 12/07/05).

Orde do 20 de xullo de 2005 pola que se declaran aptos na fase de prácticas os aspirantes que superaron os procedementos selectivos para acceso ao corpo de profesores de música e artes escénicas pola quenda especial prevista na disposición transitoria sétima da Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación na Comunidade Autónoma de Galicia convocados pola Orde do 19 de outubro de 2004 (DOG, 01/08/05).

Resolución do 26 de xullo de 2005, da Dirección Xeral de Persoal, pola que se anuncia a publicación das puntuacións definitivas da fase de concurso dos procedementos selectivos de ingreso e acceso ao corpo de profesores de ensino secundario, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de música e artes escénicas e profesores técnicos de formación profesional na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG, 05/08/05).

Orde do 30 de xullo de 2005 pola que se fai pública a lista dos opositores que superaron os procedementos selectivos convocados por Orde do 7 de febreiro de 2005 (Diario Oficial de Galicia do 14 de febreiro), para ingreso e acceso ao corpo de profesores de ensino secundario, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de música e artes escénicas e profesores técnicos de formación profesional e procedemento de adquisición de novas especialidades polos funcionarios de carreira dos anteditos corpos na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG, 23/08/05).

Orde do 1 de setembro de 2005 pola que se nomean funcionarios en prácticas dos corpos de profesores de ensino secundario, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de música e artes escénicas e profesores técnicos de formación profesional os opositores que superaron os procedementos selectivos convocados pola Orde do 28 de febreiro de 2003 (Diario Oficial de Galicia do 14 de marzo) e pola Orde do 7 de febreiro de 2005 (Diario Oficial de Galicia do 14 de febreiro) que ocupen vacante dotada orzamentariamente (DOG, 14/09/05).

14.4. Concursos de traslados

Resolución do 30 de maio de 2005, da Dirección Xeral de Persoal, pola que se

publica a adxudicación definitiva de destinos do concurso de traslados entre funcionarios do corpo de mestres, convocado por Orde do 19 de outubro de 2004 (Diario Oficial de Galicia do 26 de outubro) (DOG, 07/06/05).

14.5. Adxudicacións de destino provisional

Resolución do 26 de maio de 2005, da Dirección Xeral de Persoal, pola que se ditan normas para a adxudicación de destino provisional para o próximo curso académico 2005-2006, entre profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de música e artes escénicas, profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño, que non teñan destino definitivo na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG, 03/06/05).

Resolución do 28 de maio de 2005 pola que se abre un prazo para que o profesorado dos corpos de profesores de ensino secundario e profesores técnicos de formación profesional, que non teñan horario no centro, soliciten praza provisional para o curso académico 2005-2006 (DOG, 21/06/05).

Resolución do 1 de xullo de 2005, da Dirección Xeral de Persoal, pola que se ditan normas para a adxudicación de destino provisorio para o curso 2005-2006, aos mestres que non teñen destino definitivo na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG, 08/07/05).

Resolución do 14 de setembro de 2005, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se resolve a adxudicación de destino provisional para o próximo curso académico 2005-2006, en determinadas especialidades dos corpos de profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional e profesores de escolas oficiais de idiomas (DOG, 19/09/05).

14.6. Orientación educativa

Orde do 7 de xullo de 2005 pola que se resolve concurso público de méritos para cubrir postos nos equipos de orientación específicos (DOG, 15/07/05).

14.7. Destinos provisionais

Resolución do 21 de xullo de 2005, da Dirección Xeral de Persoal, pola que se publica a adxudicación de destinos provisionais para o curso 2005-2006 (DOG, 27/07/05).

Resolución do 3 de agosto de 2005, da Dirección Xeral de Persoal, pola que se publica a adxudicación definitiva de destinos provisionais para o curso 2005-2006 (DOG, 09/08/05).

Resolución do 4 de agosto de 2005, da Dirección Xeral de Persoal, pola que se publica a adxudicación definitiva de destinos provisionais para o curso 2005-2006 (DOG, 11/08/05).

14.8. Prazas de interinidades e substitucións

Anuncio do 25 de maio de 2005, da Dirección Xeral de Persoal, polo que se comunica a apertura dun prazo para solicitar prazas de interinidades e substitucións para impartir os módulos profesionais de elaboración e reparación de audioprótese e o de elección e axuste de próteses auditivas (DOG, 16/06/05).

Anuncio do 27 de maio de 2005, da Dirección Xeral de Persoal, pola que comunica a apertura dun prazo para solicitar prazas de interinidades e substitucións no corpo de profesores de música e artes escénicas, especialidades vinculadas ás ensinanzas superiores de arte dramática (DOG, 16/05/05).

Anuncio do 30 de xuño de 2005, da Dirección Xeral de Persoal, pola que se comunica a publicación das puntuacións provisionais e a relación de excluídos do baremo aberto polo anuncio do 11 de xuño de 2004 (Diario Oficial de Galicia do 24 de xuño), da Dirección Xeral de Persoal desta consellería para prazas de interinidades e substitucións para impartir os módulos profesionais de realización en multimedia (DOG, 07/07/05).

Anuncio do 14 de xullo de 2005, da Dirección Xeral de Persoal, pola que se comunica a publicación das puntuacións provisionais e a relación de excluídos do baremo aberto polo anuncio do 27 de maio de 2005 (Diario Oficial de Galicia do 16 de xuño), para prazas de interinidades e substitucións no corpo de profesores de música e artes escénicas, especialidades vinculadas ás ensinanzas superiores de arte dramática (DOG, 21/07/05).

Anuncio do 19 de xullo de 2005, da Dirección Xeral de Persoal, pola que se comunica a publicación das puntuacións provisionais e a relación de excluídos do baremo aberto polo anuncio do 25 de maio de 2005 (Diario Oficial de Galicia do 16 de xuño), para prazas de interinidades e substitucións para impartir os módulos profesionais de elaboración e reparación de audiopróteses e o de elección e axuste de próteses (DOG, 28/07/05).

14.9. Prazas sometidas a convenio

Orde do 29 de xuño de 2005 pola que se resolve o concurso de méritos específico entre funcionarios de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas en niveis non universitarios, para cubrir postos de profesores en prazas sometidas a convenio ou a programas específicos desta consellería (DOG, 06/07/05).

14.10. Comisión de servizos

Orde do 29 de xuño de 2005 pola que se resolve concurso público de méritos para cubrir determinadas prazas, en réxime de comisión de servizos por funcionarios docentes de ensino non universitario nesta consellería (DOG, 06/07/05).

14.11. Concursos de méritos

Orde do 29 xuño de 2005 pola que se resolve o concurso de méritos específico entre funcionarios de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas en niveis non universitarios para a atención e desenvolvemento do proxecto do Sistema de Información da Educación Galega (Siega) (DOG, 06/07/05).

Orde do 18 de xullo de 2005 pola que se resolve o concurso de méritos para cubrir postos de asesores e/ou asesoras nos centros de Formación e Recursos (DOG, 28/07/05).

Orde do 18 de xullo de 2005 pola que se resolve o concurso de méritos específico entre funcionarios de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas en niveis non universitarios, para cubrir prazas de asesores nesta consellería (DOG, 28/07/05).

Orde do 18 de xullo de 2005 pola que se resolve o concurso de méritos para cubrir postos de asesores e/ou asesoras especialistas no Servizo de Formación do Profesorado (DOG, 28/07/05).

15. PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO

15.1. Oficinas de rexistro

Decreto 164/2005, do 16 de xuño, polo que se regulan e determinan as oficinas de rexistro propias ou concertadas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, se crea o Rexistro Telemático da Xunta de Galicia e se regula a atención ao cidadán (DOG, 24/06/05). Corrección de erros (DOG, 27/06 e 28/06/05).

16. PROFESORADO

16.1. Formación e perfeccionamento

Orde do 1 de xullo de 2005 pola que se resolve definitivamente a convocatoria de actividades formativas de inglés e francés para o curso 2005-2006 desti-

nadas a profesorado que imparte docencia en niveis non universitarios (DOG, 15/07/05).

Orde do 5 de xullo de 2005 pola que se resolve a convocatoria de axudas económicas para a realización de actividades de formación dirixidas ao profesorado de niveis non universitarios da Comunidade Autónoma de Galicia durante o ano 2005 e organizadas polos movementos de renovación pedagóxica e as asociacións e fundacións con fins pedagóxicos (DOG, 27/07/05).

Orde do 20 de xullo de 2005 pola que se resolve definitivamente a convocatoria de licenzas por estudos para o curso 2005-2006 destinadas a funcionarios docentes non universitarios (DOG, 22/08/05).

16.2. Axudas económicas por accidentes de tráfico

Orde do 7 de xuño de 2005 pola que se convocan axudas económicas para compensar gastos derivados dos accidentes de tráfico do persoal en función docente ou inspectora (DOG, 17/06/05).

Orde do 28 de xullo de 2005 pola que se convocan axudas económicas para compensar gastos derivados dos accidentes de tráfico do persoal en función docente ou inspectora (DOG, 01/08/05).

17. PROGRAMAS EDUCATIVOS

17.1. Programas da UE

Orde do 26 de maio de 2005 pola que se fai pública a resolución do concurso público de axudas complementarias do programa de acción da Unión Europea de mobilidade de estudantes Sócrates-Erasmus e Suiza correspondente ao curso académico 2004-2005, convocadas pola Orde do 1 de febreiro de 2005 (Diario Oficial de Galicia do 8 de febreiro) (DOG, 02/06/05).

Orde do 2 de xuño de 2005 pola que se resolve o concurso público convocado na Orde do 17 de febreiro de 2005 (Diario Oficial de Galicia do 24 de febreiro), para a adxudicación de dúas bolsas para realizar estudos relacionados coa Unión Europea no Colexio de Europa (Bruxes e Natolín) durante o curso académico 2005-2006 (DOG, 09/06/05).

17.2. Intercambio de profesorado

Resolución do 20 de xuño de 2005, da Secretaría Xeral de Educación, pola que se fai pública a listaxe de candidatos españois seleccionados para intercam-

biar posto por posto con profesores alemáns, británicos e franceses durante o curso 2005-2006 (BOE, 09/07/05).

17.3. Investigación educativa

Orde ECI/1709/2005, do 31 de maio, pola que se crean os Premios Nacionais de Investigación e Innovación Educativa, se establecen as bases para a súa concesión e se convocan os correspondentes ao ano 2005 (BOE, 09/06/05).

18. SERVIZOS EDUCATIVOS COMPLEMENTARIOS

18.1. Programa de gratuidade de libros de texto

Orde do 15 de setembro de 2005 pola que se amplía o programa de gratuidade de libros de texto en centros sostidos con fondos públicos para os niveis obrigatorios e gratuítos para o curso escolar 2005-2006 (DOG, 20/09/05).

18.2. Prazas e axudas de residencia

Orde do 29 de agosto de 2005 pola que se fai pública a convocatoria de dezaoito prazas de colaboradores bolseiros no Centro Residencial Docente da Coruña (DOG, 20/09/05).

19. TÍTULOS

19.1. Títulos de Formación Profesional Específica

Orde ECI/2417/2005, do 4 de xullo, pola que se amplía o anexo da Orde ECD/3869/2003, do 18 de decembro, na que se establecen equivalencias entre os títulos de Técnico Militar e os títulos de Técnico correspondentes á Formación Profesional Específica (BOE, 26/07/05).

20. UNIVERSIDADE

20.1. Disposicións xerais

Orde ECI/2057/2005, do 24 de xuño, pola que se crea a oficina de rexistro xeral do Consello de Coordinación Universitaria (BOE, 01/07/05).

Resolución do 29 de xuño de 2005, da Secretaría de Estado de Universidades e Investigación, pola que se conceden Mencións de Calidade a programas de doutorado das Universidades españolas para o curso académico 2005-2006 (DOG, 14/07/05).

20.2. Fixación de prezos

Decreto 204/2005, do 14 de xullo, polo que se fixan os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos oficiais no ensino universitario para o curso 2005-2006 (DOG, 27/07/05).

Orde ECI/2647/2005, do 5 de agosto, pola que se fixan os prezos que se pagarán pola prestación de servizos académicos universitarios pola Universidade Nacional de Educación a Distancia, para o curso 2005-2006 (BOE, 13/08/05).

Resolución do 22 de xullo de 2005, da Universidade Internacional *Menéndez Pelayo*, pola que se fixan e fan públicos os prezos que se pagarán polos servizos académicos universitarios para o ano 2005 (BOE, 27/08/05).

20.3. Homologación e validación de títulos

Orde ECI/1712/2005, do 2 de xuño, pola que se modifica a Orde ECI/3686/2004, do 3 de novembro, na que se ditan normas para a aplicación do Real Decreto 285/2004, do 20 de febreiro, onde se regulan as condicións de homologación e validación de títulos estranxeiros de educación superior (BOE, 10/06/05).

20.4. Persoal universitario

Resolución do 9 de xuño de 2005 pola que se aproba a convocatoria ordinaria para a avaliación das solicitudes e posterior asignación das retribucións adicionais relativas ao complemento de recoñecemento do labor docente, e o complemento de recoñecemento do labor investigador e se abre o prazo para a presentación de solicitudes (DOG, 14/06/05).

Real Decreto Lei 9/2005, do 6 de xuño, polo que se prorroga o prazo previsto na disposición transitoria quinta da Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades, para a renovación dos contratos dos profesores asociados contratados conforme á lexislación anterior (BOE, 07/06/05).

Orde do 18 de agosto de 2005 pola que se establecen os requisitos e criterios que outorgan, en determinados supostos, a cualificación automática para ser contratado como persoal docente e investigador polas universidades de Galicia nas figuras de profesor contratado doutor, profesor de universidade privada, profesor axudante doutor e profesor colaborador (DOG, 01/09/05).

20.5. Premios fin de carreira

Orde ECI/2188/2005, do 13 de xuño, pola que se adxudican os Premios Nacionais Fin de Carreira de Educación Universitaria correspondentes ao curso

2003-2004 (BOE, 08/07/05). Corrixida pola Orde ECI/2798/2005, do 12 de xullo (BOE, 10/09/05).

20.6. Axudas, bolsas e subvencións

a) Publicadas no Boletín Oficial do Estado

Orde ECI/2040/2005, do 17 de xuño, pola que se convocan bolsas de mobilidade, para o curso 2005-2006, para os alumnos universitarios que cursan estudos fóra da súa comunidade autónoma (BOE, 30/06/05).

Resolución do 11 de xullo de 2005, da Secretaría de Estado de Universidades e Investigación, pola que se conceden axudas para a mobilidade de estudantes universitarios «Séneca» para o curso académico 2005-2006 (BOE, 05/08/05).

Resolución do 11 de xullo de 2005, da Secretaría de Estado de Universidades e Investigación, pola que se seleccionan as entidades bancarias que participarán no programa de préstamos a estudantes universitarios na convocatoria pública correspondente ao curso 2005-2006 (BOE, 10/08/05).

Resolución do 20 de xullo de 2005, do Consello Superior de Investigacións Científicas, pola que se convocan bolsas predoutorais CSIC-ROMA (BOE, 11/08/05).

Resolución do 14 de xullo de 2005, da Secretaría de Estado de Universidades e Investigación, pola que se conceden renovacións de bolsas predoutorais e posdoutorais, ao amparo dos convenios de cooperación subscritos entre o Ministerio de Educación e Ciencia e diversas universidades de Estados Unidos de América (BOE, 12/08/05).

Resolución do 5 de maio de 2005, da Dirección Xeral de Investigación, pola que se conceden axudas complementarias para estancias breves en España e no estranxeiro correspondentes aos bolseiros predoutorais de formación de persoal investigador (BOE, 15/08/05).

Resolución do 12 de xullo de 2005, da Secretaría de Estado de Universidades e Investigación, pola que se efectúa convocatoria pública para os estudantes universitarios interesados en solicitar os préstamos previstos na Resolución do 14 de marzo de 2005 (BOE, 15/08/05). Corrixida pola Resolución do 2 de setembro de 2005 (BOE, 19/09/05).

Resolución do 11 de febreiro de 2005, da Dirección Xeral de Investigación, pola que se conceden axudas complementarias para estancias breves en España e no estranxeiro correspondentes aos bolseiros predoutorais de formación de persoal investigador (BOE, 17/08/05).

- Resolución do 18 de xullo de 2005, da Secretaría de Estado de Universidades e Investigación, pola que se conceden axudas para a financiamento de propostas orientadas a deseñar a adecuación das institucións universitarias dentro do marco do Proceso de Boloña e impulsar accións para promover a construción do Espazo Europeo de Educación Superior e a adaptación progresiva do noso sistema de educación superior ao mesmo (BOE, 18/08/05).
- Resolución do 27 de xullo de 2005, do Consello Superior de Investigacións Científicas, pola que se convocan bolsas predoutorais para o desenvolvemento de teses de doutoramento en liñas de investigación con interese para o sector industrial (BOE, 19/08/05).
- Resolución do 27 de xullo de 2005, do Consello Superior de Investigacións Científicas, pola que se convocan bolsas de posgrao para formación e especialización en liñas de investigación de interese para o sector industrial (BOE, 19/08/05).
- Resolución do 1 de agosto de 2005, da Secretaría de Estado de Universidades e Investigación, pola que se conceden bolsas posdoutorais ao amparo do Convenio de cooperación suscrito coa Universidade de «Georgetown» de Estados Unidos de América (BOE, 19/08/05).
- Resolución do 29 de xullo de 2005, da Secretaría de Estado de Universidades e Investigación, pola que se conceden bolsas predoutorais de formación de persoal investigador (BOE, 22/08/05).
- Resolución do 27 de xullo de 2005, do Consello Superior de Investigacións Científicas, pola que se convocan bolsas de introdución á investigación para alumnos de penúltimo curso de carreira (BOE, 24/08/05).
- Resolución do 27 de xullo de 2005, do Consello Superior de Investigacións Científicas, pola que se convocan bolsas de introdución á investigación para alumnos de último curso de carreira (BOE, 24/08/05).
- Resolución do 27 de xullo de 2005, do Consello Superior de Investigacións Científicas, pola que se convocan bolsas de xornalismo científico (BOE, 24/08/05).
- Resolución do 28 de xullo de 2005, da Secretaría de Estado de Universidades e Investigación, pola que se adxudican estancias breves no estranxeiro e en España para bolseiros do programa nacional de formación de profesorado universitario para o ano 2005 (BOE, 31/08/05).
- Resolución do 8 de setembro de 2005, da Secretaría de Estado de Universidades e Investigación, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan bolsas de posgrao do Programa Nacional de Formación de Profesorado Universitario (BOE, 16/09/05).

Resolución do 14 de setembro de 2005, da Secretaría de Estado de Universidades e Investigación, pola que se establecen as bases reguladoras e se convoca o Programa Nacional de axudas para a mobilidade de profesores de universidade e investigadores españois e estranxeiros (BOE, 29/09/05).

Resolución do 13 de setembro de 2005, da Secretaría de Estado de Universidades e Investigación, pola que se establecen as bases reguladoras e se convoca o programa de bolsas posdoutorais, incluídas as bolsas MEC/Fulbright (BOE, 29/09/05).

Resolución do 16 de setembro de 2005, da Secretaría de Estado de Universidades e Investigación, pola que se conceden axudas para a mobilidade de estudantes universitarios «Séneca» para o curso académico 2005-2006, en substitución das renuncias producidas entre os bolseiros de nova concesión da convocatoria 2005 (BOE, 30/09/05).

b) Publicadas no Diario Oficial de Galicia

Orde do 31 de maio de 2005 pola que se anuncia a adjudicación de once bolsas de estadias de persoal dos departamentos de estudos galegos de universidades de fóra da Comunidade Autónoma de Galicia e a súa colaboración en proxectos de investigación que se van desenvolver no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades convocadas por Orde do 7 de marzo de 2005 (Diario Oficial de Galicia número 50, do 14 de marzo) (DOG, 08/06/05).

Orde do 8 de xuño de 2005 pola que se publica a resolución das axudas para o financiamento de estadias de profesores de fóra do sistema universitario de Galicia convocadas pola Orde do 22 de febreiro de 2005 (Diario Oficial de Galicia do 1 de marzo) (DOG, 16/05/05).

Orde do 9 de xuño de 2005 pola que se publica a resolución das axudas de apoio á actualización do profesorado universitario, convocadas pola Orde do 28 de febreiro de 2005 (Diario Oficial de Galicia do 8 de marzo) (DOG, 16/05/05).

Orde do 15 de xuño de 2005 pola que se resolve a Orde do 11 de marzo de 2005 (Diario Oficial de Galicia do 18 de marzo) de convocatoria de axudas ás universidades galegas para a organización de congresos, simposios, xornadas e similares que favorezan a proxección universitaria, tanto no ámbito local como no nacional e internacional (DOG, 23/06/05).

Orde do 23 de xuño de 2005 pola que se publica a resolución da convocatoria de bolsas e axudas para asistencia a congresos, simposios, seminarios ou similares e cursos de verán destinadas a estudantes universitarios, convocada pola Orde do 4 de marzo de 2005 (Diario Oficial de Galicia do 14 de marzo) (DOG, 01/07/05).

- Orde do 30 de xuño de 2005 pola que se fai pública a convocatoria de bolsas de nova adxudicación para a realización de estudos de terceiro ciclo nas universidades do sistema universitario de Galicia (DOG, 08/07/05).
- Orde do 13 de xullo de 2005 pola que se resolve a convocatoria da Orde do 14 de marzo de 2005 (Diario Oficial de Galicia do 22 de marzo), de axudas a asociacións de estudantes universitarios, legalmente constituídas, das universidades galegas (DOG, 21/07/05).
- Orde do 13 de xullo de 2005 pola que se resolve a convocatoria da Orde do 14 de marzo de 2005 (Diario Oficial de Galicia do 22 de marzo), de axudas de desprazamento para a realización de prácticas de campo recoñecidas nos plans de estudos correspondentes ás titulacións autorizadas pola Xunta de Galicia nas universidades galegas (DOG, 21/07/05).
- Orde do 13 de xullo de 2005 pola que se resolve a convocatoria da Orde do 11 de marzo de 2005 (Diario Oficial de Galicia do 18 de marzo), de concesión de axudas ao estudo e accións de apoio económico aos estudantes universitarios correspondente ao curso académico 2004-2005 (DOG, 21/07/05).
- Orde do 29 de xullo de 2005 pola que se resolve a convocatoria da Orde do 21 de abril de 2005 (Diario Oficial de Galicia do 28 abril) e se fai pública a concesión de bolsas de colaboración nos departamentos das universidades do sistema universitario de Galicia no curso académico 2005-2006 (DOG, 29/08/05).